

Tipo de inmovible	Marxe sen financiamento nin imposto sobre a renda de sociedades (IRS)
Edificios de uso residencia:	
Vivendas primeira residencia	18
Vivendas segunda residencia	24
Edificios de oficinas	21
Edificios comerciais	24
Edificios industriais	27
Prazas de aparcadoiro	20
Hoteis	22
Residencias de estudantes e da terceira idade	24
Outros	24

Cando se teña en conta o financiamento alleo, as marxes sen financiamento sinaladas deberán ser modificados en función da porcentaxe do devandito financiamento (gra de apancamento) atribuído ó proxecto e dos tipos de xuro habituais do mercado hipotecario.

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, logo de informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá prorrogar-la ampliación do disposto no primeiro parágrafo desta disposición, por períodos sucesivos dun ano, sen exceder dun total de tres, agás para a finalidade b), para a que a devandita prórroga poderá ser por tempo indefinido.

Polo mesmo procedemento previsto no parágrafo precedente poderase revisar, cada dous anos, as primas de risco e marxes contidas nas devanditas táboas, tomando como criterios básicos a evolución do mercado inmobiliario, e os tipos de xuro da débeda pública a longo prazo, o índice de prezos ó consumo ou calquera outro factor que ó xuízo dos devanditos organismos inflúa no seu valor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase a Orde do 30 de novembro de 1994 sobre normas de valoración de bens inmoables para determinadas entidades financeiras.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

Habilítase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde, para efectos da súa aplicación para a finalidade recollida no artigo 2.c).

Disposición derradeira segunda. *Habilitación á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.*

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, por motivos de prudencia e comparabilidade valorativa e logo de informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá establecer un límite cuantitativo á plusvalía anual utilizable para efectos do axuste previsto no artigo 31 desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor ós seis meses da súa publicación íntegra no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, desde a súa publicación e ata a súa entrada en vigor, as taxacións tamén se poderán realizar conforme esta orde.

Madrid, 27 de marzo de 2003.

DE RATO Y FIGAREDO

Excmo. Sr. Gobernador do Banco de España.
 Ilmo. Sr. Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
 Ilmo. Sr. Director Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
 Ilma. Sra. Directora Xeral do Tesouro e Política Financeira.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7401 *REAL DECRETO 373/2003, do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola. («BOE» 86, do 10-4-2003.)*

En España, a vitivinicultura é un sector que produce importantes externalidades positivas, por canto a actividade vitivinícola xera unha serie de bens sociais que non son remunerados polo mercado.

Entre estes bens están a creación de actividade e de emprego en zonas sen alternativas productivas, a ocupación do territorio e a defensa do terreo fronte á erosión e a desertización.

Este problema adquire particular gravidade cando, como sucede na actualidade, a escasa rendibilidade do viñado pode pór en risco o mantemento da actividade vitivinícola nalgúns zonas.

Ante a situación actual, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborou un plan de actuación para o sector vitivinícola, sometido a informe da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, no que se inclúen actuacións para controla-la oferta e a demanda, medidas de reforzamento do control e medidas de organización e coordinación.

Para facer efectivas as previsións contidas no referido plan, é necesario establece-lo marco xurídico imprescindible que faga posible a adopción das medidas previstas. Así mesmo, este real decreto introduce as modificacións na normativa nacional, necesarias para a súa adaptación ó Regulamento (CE) n.º 1342/2002 da Comisión, do 24 de xullo de 2002, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1227/2000 da Comisión, do 31 de maio de 2000, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo ó potencial de produción.

Así pois, o réxime de reestructuración e reconversión do viñado adaptouse ós cambios introducidos pola normativa comunitaria, modificouse a porcentaxe de dereitos de nova plantación que os agricultores mozos poden achegar ós citados plans, e fixéronse os prazos nos que o produtor pode renunciar ós anticipos que recolle a normativa comunitaria. Por outro lado, co fin de mello-la aplicación do réxime de reestructuración e recon-

versión do viñedo, considerouse conveniente amplia-lo prazo no que as comunidades autónomas lle deben comunicar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os gastos realizados, e fixouse no último venres de maio de cada ano.

Engadiuse un novo capítulo ó Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, no que se establece un novo marco xeral que regula o acceso a determinadas axudas previstas na organización común do mercado do sector vitivinícola, e introduciuse unha nova declaración de orixe e destino das producións e unha nova declaración da uva procedente das parcelas recollidas no artigo 2.7 do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola. O novo capítulo ten por obxectivo protexer a calidade limitando as producións, ó condiciona-las axudas a que non se superen uns determinados rendementos, así como controla-lo destino das producións de acordo coa lexislación da Unión Europea.

Para acadar os fins citados no parágrafo anterior tamén foi necesario modifica-las declaracións recollidas no Real decreto 1227/2001, do 8 de novembro, sobre declaracións de existencias, colleita de uva e producións do sector vitivinícola.

Finalmente, créase o Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España, no que está representada a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e o sector vitivinícola, ó que se lle encomendan funcións de asesoramento para a promoción dos viños españois no mercado nacional.

Durante a tramitación desta disposición foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas, e foi sometida a informe da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de marzo de 2003,

DISPÓNDO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitivinícola.*

O Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda modificado como segue:

Un. Os puntos 1 e 2 do artigo 1 quedan redactados do seguinte xeito:

«1. Por este real decreto regúlanse as medidas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, e en particular as relativas ó potencial de produción recollidas no Regulamento (CE) n.º 1227/2000 da Comisión, do 31 de maio de 2000.

2. As disposicións contidas neste real decreto, relativas a plantacións, regularización de superficies, primas de abandono e reestructuración e reconversión do viñedo serán de aplicación única-

mente ó viñedo destinado á produción de uva de vinificación. As previsións relativas ás variedades son aplicables a todo tipo de uva. As disposicións que se refiren á regulación do acceso a determinadas medidas previstas na organización común do mercado vitivinícola serán de aplicación ós produtores de uva de vinificación, así como ás persoas físicas ou xurídicas, ou ás súas agrupacións, que procedan á vinificación da dita uva ou á elaboración de mosto.»

Dous. O punto 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«2. As transferencias de dereitos non poderán en ningún caso supor incremento do potencial productivo vitícola. Se o rendimento da parcela que se vai plantar superase en máis do cinco por cento o rendimento da parcela de arrinca, efectuarase o axuste correspondente.

Para estes efectos, teranse en conta os rendementos medios que figuran no anexo I. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación actualizará, se é o caso, os ditos rendementos medios unha vez ó ano, antes do comezo da campaña vitivinícola, de acordo coas comunicacións recibidas polas comunidades autónomas.

Non obstante, o cedente poderá presentar un certificado da comunidade autónoma competente que acredite rendementos diferentes ós que figuran no citado anexo; neste caso poderán ser tidos en conta para efectos de realiza-lo axuste oportuno.»

Tres. O punto 2 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«2. Para efectos do previsto no punto anterior, enténdese que se poden producir desequilibrios relevantes na ordenación territorial do sector vitícola nacional cando o saldo de hectáreas transferidas nunha comunidade autónoma nunha mesma campaña supere o 0,4 por cento da súa superficie total de viñedo de uva destinada a vinificación.»

Catro. O punto 5 do artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«5. Os plans de reestructuración poderán incluír superficies de novas plantacións ata un máximo dun 10 por cento da superficie total cuberta polo plan, se son necesarias desde o punto de vista técnico. Non obstante, esta limitación non se aplicará ós dereitos de nova plantación concedidos no contexto dos plans de mellora material recollidos no Regulamento (CE) n.º 950/97, nin ós outorgados durante as campañas 2000/2001, 2001/2002 e 2002/2003 ós agricultores mozos que teñan menos de 40 anos, que posúan a competencia profesional adecuada e que se instalen por primeira vez nunha explotación vitivinícola en calidade de titulares da explotación, aínda que o conxunto destes dereitos que se inclúen nos plans non poderán superar, no ámbito nacional, os establecidos pola normativa da Unión Europea.»

Cinco. O punto 3 do artigo 25 queda redactado do seguinte modo:

«3. Antes do último venres do mes de maio de cada ano, as comunidades autónomas enviarán

á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación:

- a) A declaración dos gastos realmente realizados no exercicio comunitario en curso.
- b) As previsións de gastos que se poidan realizar ata o 15 de outubro do ano que corre, sempre que o gasto efectivamente realizado exceda do 95 por cento da asignación financeira para o exercicio en cuestión.»

Seis. O punto 4 do artigo 26 queda redactado do modo seguinte:

«4. Poderanse conceder anticipos cando se cumpran os requisitos establecidos no punto 2 do artigo 15 bis do Regulamento (CE) n.º 1227/2000.

Os participantes nos plans poderán solicitar anticipos cando cumpran as seguintes condicións:

- a) Cando comezasen a execución da medida específica. Para estes efectos, considérase que comezou a dita execución cando se realizase a arrinca da plantación ou se achegue factura de compra da planta, ou se demostre ou verifique, de modo que faga fe, calquera outra operación de carácter irreversible.
- b) Cando constituísen unha garantía por un importe igual ó 120 por cento do anticipo da axuda.

Cando se concedan anticipos será obrigatorio executar a medida nos dous anos seguintes á concesión do anticipo. Os prazos para renunciar ós anticipos recollidos nos parágrafos cuarto e quinto do punto 2 do artigo 15 bis do Regulamento (CE) n.º 1227/2000 serán de 12 meses a partir do día seguinte ó da percepción do anticipo.»

Sete. Engádesse un novo capítulo VII, co seguinte contido:

«CAPÍTULO VII

Control do potencial vitícola

Artigo 35. *Declaracións de orixe e destino da produción de uva.*

Toda persoa física ou xurídica que transforme ela mesma ou pola súa conta a totalidade da súa colleita de uva, e os socios ou membros dunha adega cooperativa ou dunha agrupación que lle entreguen a totalidade da súa colleita en forma de uva ou mosto á dita adega cooperativa ou á dita agrupación, deberán presentar unha declaración de orixe e destino da produción de uva.

Estarán exentos desta obriga os colleiteiros cunha explotación de menos de 10 áreas de viña en produción e que non comercialicen ningunha parte da súa colleita.

Artigo 36. *Destino da produción.*

1. Todo viticultor que obtivese uvas de parcelas plantadas sen autorización da Administración e que non fosen regularizadas de acordo co disposto no capítulo III, deberán presentar ante a comunidade autónoma competente, de forma separada e diferenciada, unha declaración de produción da dita uva.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 2.7 do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, os produtos obtidos coa uva que se indica no punto 1 deste

artigo só se poderán pór en circulación con destino ás destilerías. En todo caso, as comunidades autónomas competentes velarán para que os produtos ós que fai referencia este punto queden excluídos da percepción a axudas públicas de calquera tipo.

Artigo 37. *Modelos das declaracións.*

1. As declaracións de orixe e destino da produción deberán cubrir nos formularios ou soportes que dispuxesen ou dispoñan para o efecto as comunidades autónomas, os cales conterán, alomenos, a partir da campaña próxima, os datos que figuran no anexo VI.

2. As declaracións ás que se refire o artigo anterior deberán cubrir nos formularios ou soportes que dispuxesen ou dispoñan para o efecto as comunidades autónomas, os cales conterán, a partir da campaña próxima, alomenos, os datos que figuran no anexo VII.

3. As comunidades autónomas competentes, en colaboración coa Administración xeral do Estado, emprenderán as campañas de información e sensibilización sectorial oportunas para facilitar o cumprimento destas obrigas formais de declaración a partir da próxima campaña.

Artigo 38. *Lugar e data de presentación.*

1. As declaracións de orixe e destino presentaranse ante o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal estea localizada a adega.

As declaracións ás que se refire o artigo 36 presentaranse ante o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal estean localizadas as precitadas parcelas.

2. As declaracións presentaranse no prazo que determinen as comunidades autónomas e, en todo caso, ata o 10 de decembro de cada ano.

Artigo 39. *Obrigas dos colleiteiros.*

Os colleiteiros obrigados a presentar algunha das declaracións recollidas nos artigos 35 e 36 deberán presentar unha copia autenticada a cada unha das adegas ás que lles entreguen uva da súa produción.

Artigo 40. *Do acceso ós datos do Rexistro vitícola.*

1. Con carácter xeral, os datos contidos no Rexistro vitícola terán carácter público sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. A Administración xeral do Estado, en colaboración e coordinación coas comunidades autónomas competentes, arbitrará os medios informáticos e telemáticos adecuados para facilitar o acceso ó seu coñecemento e consulta.

3. Co obxecto de facilitar a información necesaria para cubri-los anexos correspondentes nos que se deben indicar as parcelas de procedencia da uva, as comunidades autónomas, logo de solicitude da adega interesada, poderanlle entregar a esta a información contida no Rexistro vitícola dos seus provedores ou socios. A dita entrega efectuarase, se é o caso, coa autorización expresa dos afectados.

Artigo 41. *Limitación das axudas comunitarias.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, oído o Consello Español de Vitivinicultura e logo de deliberación na Conferencia Sectorial de

Agricultura e Desenvolvemento Rural, de conformidade co previsto no artigo 79 do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, poderá establecer límites dos rendementos agronómicos do viñedo, expresado en hectolitros por hectárea, para o acceso dos produtores a algunha ou algunhas das seguintes medidas:

- a) Axudas para a reestructuración e reconversión de viñedo.
- b) Axuda ó almacenamento privado de viños e mostos.
- c) Axudas á destilación recollida no artigo 29 do Regulamento (CE) n.º 1493/1999, polo que se establece a organización común do mercado do sector vitivinícola.
- d) Axudas á utilización de mostos de uva concentrados e mostos de uva concentrados rectificadas para aumentalo grao alcohólico dos produtos vinícolas.

Artigo 42. *Rendementos.*

1. Os rendementos que se considerarán para cada viticultor serán o maior das tres últimas campañas dispoñibles dos que figuran nas declaracións de colleita ou as declaracións de orixe e destino das producións, expresados en quintais métricos por hectárea.

Os rendementos que se considerarán para cada produtor de viño serán o maior das tres últimas campañas dispoñibles dos que figuran nas declaracións de produción, expresados en hectolitros por hectárea.

2. O límite dos rendementos poderase fixar, ben no nivel nacional, ben no nivel provincial, dependendo da medida que se pretenda regular e tendo en conta as diferentes estruturas produtivas existentes nas distintas rexións españolas.

3. Cando a situación conxuntural do mercado o requira, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación regulará, para esa campaña, as condicións mínimas para o acceso ás medidas recollidas no artigo anterior.

Artigo 43. *Aplicación da limitación de rendementos.*

Cando as adegas superen o límite que lles corresponda en virtude do artigo 41, só se poderán acoller ós beneficios dos mecanismos de mercado por aquel volume que resulte de deducir a produción total daqueles viticultores que individualmente superen o límite de referencia.

Non obstante, cando unha adega supere o límite establecido non se poderá beneficiar, para a totalidade da súa produción, da axuda á utilización de mosto de uva concentrado e mosto de uvas concentrado rectificado para aumentalo grao alcohólico dos produtos vinícolas.

Artigo 44. *Limitación de acceso ás medidas de regulación.*

A totalidade das producións daqueles colleiteiros que teñan plantadas superficies de viñedo sen autorización da comunidade autónoma competente, non se poderá acoller a ningunha das medidas de regulación do mercado que establece o Regulamento (CE) n.º 1623/2000 da Comisión, polo que se fixan as disposicións de aplicación relativas

ós mecanismos de mercado da organización común do mercado vitivinícola.»

Oito. A disposición derradeira primeira queda redactada da seguinte forma:

«Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para o desenvolvemento deste real decreto, así como para a súa adaptación ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación adoptará as medidas necesarias para coordinar as actuacións das comunidades autónomas nas materias obxecto de regulación por este real decreto.

Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, oído o Consello Español de Vitivinicultura, para modificar os anexos, co fin de adaptalos ás variacións que se produzan.»

Nove. A disposición derradeira segunda queda redactada da seguinte forma:

«O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas intercambiarán reciprocamente, por vía telemática, a información necesaria para facilitar o seguimento das disposicións recollidas neste real decreto.»

Dez. A actual disposición derradeira segunda pasa a ser a disposición derradeira terceira.

Once. Engádesse un novo anexo I, que figura como anexo I deste real decreto.

Doce. Os actuais anexos I, II, III e IV pasan a denominarse anexos II, III, IV e V, respectivamente.

Trece. Engádesse dous novos anexos VI e VII, que figuran nos anexos II e III, respectivamente, deste real decreto.

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1227/2001, do 8 de novembro, sobre declaracións de existencias, colleita de uva e produción do sector vitivinícola.*

Engádeselle un artigo 7 ó Real decreto 1227/2001, do 8 de novembro, sobre declaracións de existencias, colleita de uva e produción do sector vitivinícola, que queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Obriga dos colleiteiros.*

Os colleiteiros obrigados a presentar a declaración de colleita deberán presentar unha copia autenticada a cada unha das adegas ás que lles entregue uva da súa produción.»

Artigo terceiro. *Do Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España.*

Un. Créase, adscrito ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España, que terá carácter consultivo.

Dous. O Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España terá a seguinte composición:

- a) Presidente: o secretario xeral de Agricultura e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Vicepresidente: o director xeral de Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

c) Vocais:

1.º O subdirector xeral de Promoción Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2.º O subdirector xeral de Vitivinicultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3.º Un representante do Instituto Español de Comercio Exterior.

4.º Un representante das comunidades autónomas, designado pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

5.º Dous representantes do sector vitícola.

6.º Dous representantes do sector vinícola.

d) O presidente poderá invitar, con voz pero sen voto, ás reunións do Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España, aquelas persoas que polos seus especiais coñecementos considere oportuno.

e) Actuará de secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Dirección Xeral de Alimentación.

f) Os representantes do sector vitivinícola serán designados polo secretario xeral de Agricultura e Alimentación, por proposta das organizacións económicas e sociais do dito sector.

g) O Comité Técnico para a Promoción de Viños de España reunirse, alomenos, dúas veces ó ano.

Tres. O Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España desempeñará, no ámbito do mercado nacional, as seguintes funcións:

a) Asesora-las administracións públicas no desenvolvemento de estratexias para a promoción dos viños de España na consecución dos obxectivos que se van fixar.

b) O seguimento da comercialización dos viños españois e do resultado da aplicación das campañas e o seu desenvolvemento.

c) Propoñerlles ás administracións públicas as actuacións necesarias para a adopción, se é o caso, de medidas correctoras.

d) Elaborar unha proposta anual de actuacións promocionais.

e) Elaborar un informe anual de situación.

Disposición adicional primeira. *Liña de axudas.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración e coordinación coas comunidades autónomas, instrumentará unha liña de axudas para a formación de xestores e directivos de cooperativas e industrias do sector vitivinícola, no marco dun plan nacional coordinado.

Disposición adicional segunda. *Financiamento do Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España.*

O Comité Técnico para a Promoción dos Viños de España será atendido cos medios persoais e materiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a súa creación non suporá incremento do gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 28 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

«ANEXO I

Comunidade Autónoma de Andalucía

Almería	30 hl/ha
Cádiz	80 hl/ha
Córdoba	50 hl/ha
Granada	12 hl/ha
Huelva	83 hl/ha
Jaén	40 hl/ha
Málaga	32 hl/ha
Sevilla	49 hl/ha

Comunidade Autónoma de Aragón

Huesca	50 hl/ha
Teruel	26 hl/ha
Zaragoza	29 hl/ha

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias

En toda a comunidade59 hl/ha

Comunidade Autónoma das Illes Balears

En toda a comunidade47 hl/ha

Comunidade Autónoma de Canarias

Las Palmas	12 hl/ha
Santa Cruz de Tenerife	24 hl/ha

Comunidade Autónoma de Cantabria

En toda a comunidade26 hl/ha

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha

Albacete	27 hl/ha
Ciudad Real	29 hl/ha
Cuenca	30 hl/ha
Guadalajara	31 hl/ha
Toledo	31 hl/ha

Comunidade de Castilla y León

Ávila	27 hl/ha
Burgos	36 hl/ha
León	50 hl/ha
Palencia	24 hl/ha
Salamanca	28 hl/ha
Segovia	33 hl/ha
Soria	27 hl/ha
Valladolid	30 hl/ha
Zamora	35 hl/ha

Comunidade Autónoma de Cataluña

Zonas de produción da denominación de orixe:

Alella	34 hl/ha
Conca de Barberà	40 hl/ha

Costers de Segre	46 hl/ha
Priorat	31 hl/ha
Plà de Bages	40 hl/ha
Penedès	64 hl/ha
Tarragona	51 hl/ha
Terra Alta	37 hl/ha
Empordà-Costa Brava	41 hl/ha

Resto de zonas:

Barcelona	58 hl/ha
Girona	43 hl/ha
Lleida	46 hl/ha
Tarragona	45 hl/ha

Comunidade Autónoma de Extremadura

Badajoz	35 hl/ha
Cáceres	22 hl/ha

Comunidade Autónoma de Galicia

A Coruña	64 hl/ha
Lugo	59 hl/ha
Ourense	40 hl/ha
Pontevedra	56 hl/ha

Comunidade Autónoma de La Rioja

En toda a comunidade45 hl/ha

Comunidade de Madrid

En toda a comunidade26 hl/ha

Comunidade Autónoma da Región de Murcia

En toda a comunidade22 hl/ha

*Comunidade Foral de Navarra*Zonas de produción da DOUC La Rioja .44 hl/ha
Resto comunidade40 hl/ha*Comunidade Autónoma do País Vasco*Araba 45 hl/ha || Gipuzkoa | 78 hl/ha |
| Bizkaia | 71 hl/ha |
*Comunidade Valenciana*Alacant/Alicante21 hl/ha
Castelló/Castellón20 hl/ha
València/Valencia36 hl/ha.»

ANEXO II
*ANEXO VI
Código (*)
□□□□□□

CADRO A

DATOS PERSOAIS DO COLLEITEIRO
Alta Baixa Modificación

CIF/NIF

Apelidos e nome ou razón social

Domicilio

Poboación (*)

Provincia CP [] (*)

Número de teléfono.....

(Cando se dispoña de etiqueta identificativa con tódolos datos correctos, deberase pegar enriba deste cadro)

CADRO B

DATOS DO VINEDO SITUADO EN:

MUNICIPIOS

Vitedos aptos para a produción de:	Superficie en ha (1)	Uva colteada		Rendemento qm/ha (4)
		Tinta (2)	Branca (3)	
Vitedos de mesa con indicación xeográfica				
Vitedos de mesa sen indicación xeográfica				
V.e.p.r.d.				
Vitedos de variedades de uva clasificadas para varios usos				
TOTAL.....				

CADRO C

VINEDOS APTOS PARA A PRODUCCIÓN DE:

QUINTAIS MÉTRICOS DE UVA (qm) (ENTREGADOS COMO UVA OU MOSTO) DESTINADOS ÁS
DISTINTAS UTILIZACIÓNS INDICADAS NO CADRO

	Vinificación ou conservación polo declarante		Entregas a un produtor de viño	
	Tinta (5)	Branca (6)	Tinta	Branca
Vitedos de mesa con indicación xeográfica				
Vitedos de mesa sen indicación xeográfica				
V.e.p.r.d.				
Vitedos de variedades de uva clasificadas para varios usos				
TOTAL.....				

CADRO D

DATOS DO DESTINATARIO

QUINTAIS MÉTRICOS DE UVA (qm) (ENTREGADOS COMO UVA OU MOSTO). PROCEDENTES DE VINEDOS APTOS PARA:

Apelidos e nome ou razón social	Municipio		Provincia		V.e.p.r.d.					
	Nome	(*) Código	Nome	(*) Código	Vitedos de mesa con indicación xeográfica		Vitedos de mesa sen indicación xeográfica			
					Tinta	Branca	Tinta	Branca	Tinta	Branca
TOTAL										

NOTA: Antes de cubrir este impreso, ler con detenición as instrucións reflectidas no dorso.
Autorízase a inclusión dos datos persoais declarados en ficheiros automatizados, para a súa utilización de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e nas disposicións que a desenvolven.

(*) Para cubrir pola Administración

_____ de _____ de 20____
O COLLEITEIRO

r

DORSO DO ANEXO VI

PERSONAS OBRIGADAS A PRESENTAR LA DECLARACIÓN

Tódalas persoas físicas ou xurídicas, ou as súas agrupacións, que produzan uva (colleiteiros), e que transformen elas mesmas, ou fagan transformar pola súa conta, a totalidade da súa colleita de uva en viño. As asociadas ou afiliadas a unha adega cooperativa, ou a unha agrupación, que entreguen a totalidade da súa colleita en forma de uva ou mosto á dita adega cooperativa, ou á dita agrupación.

PERSONAS EXENTAS DE PRESENTAR LA DECLARACIÓN

As que destinen a totalidade da súa colleita ó consumo en estado natural, á pasificación ou á transformación directa en zume de uva. Aquelas as explotacións das cales teñan menos de 10 áreas (1.000 metros cadrados) de viñedo en produción e que non comercializasen nin vaian comercializar, algunha parte da súa colleita.

NÚMERO DE DECLARACIÓNS QUE DEBE PRESENTAR CADA PERSOA OBRIGADA

O colleiteiro cubrirá unha declaración por cada unidade territorial establecida pola comunidade autónoma na que posta superficies de viñedo en produción, e utilizará un único exemplar deste anexo VI, referido ó viñedo situado na dita unidade territorial.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 10 de decembro.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

Ante o órgano designado pola comunidade autónoma, no ámbito da cal radique a superficie de viñedo; a presentación pódese realizar mediante entrega no rexistro, envío por correo certificado ou calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

FORMALIZACIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO

Co obxecto de facilitar a formalización do impreso, a referencia relativa ós datos consignados nos diferentes recadros efectúase coa indicación entre paréntese dos números asignados ás súas respectivas columnas.

UNIDADES. Os datos indícaranse nos diferentes recadros deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; masa en quintais métricos (qm) (100 quilos), con dous decimais; rendemento en quintais métricos por hectárea (qm/ha), cun decimal. En tódolos casos a supresión de decimais se efectuará sen redondeo.

CADRO A. Sinalarase con X o recadro que corresponda a cada caso: alta, cando sexa a primeira vez que se presenta a declaración; baixa, para a comunicación do cesamento na actividade do colleiteiro; modificación, se cambiou a súa razón social, domicilio, etc.

CADRO B. Consignarase os totais correspondentes á unidade territorial establecida pola comunidade autónoma, relativos a cada un dos catro tipos de aptitudes do viñedo.

CADRO C. Indícaranse os diferentes destinos da colleita de uva, e diferenciaranse en cada liña as cantidades obtidas dos distintos tipos de viñedo sinalados na columna da esquerda. **Columnas (5) e (6).** Quintais métricos de uva vinificada polo declarante, incrementados cos quintais métricos de uva convertidos en mosto sen transformar que se encontran no seu poder no momento da declaración.

CADRO D. Relacionarase os destinatarios ós que o colleiteiro lles entregou uva ou mosto, e indícaranse a continuación os quintais métricos da uva facilitados a cada un deles, diferenciados en función do tipo de viñedo de procedencia.

DEFINICIÓNS

Viño de mesa: viño distinto do v.c.p.r.d., cunhas características que se axustan ó establecido no punto 13 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1493/1999.

V.c.p.r.d.: viño de calidade producido nunha rexión determinada, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1493/1999. Variedades de uva para varios usos: son as que figuran simultaneamente na clasificación de variedades de uva de vinificación e de uva para outros destinos no Real decreto 1472/2000.

EXEMPLARES DE DECLARACIÓN E DESTINOS

Original: COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Copia: COLLEITEIRO.*

ANEXO III
"ANEXO VII

Declaración prevista no artigo 36. Campaña 20.....

A. DATOS PERSOAIS DO VITICULTOR	
Apelidos e nome:	
NIF ou CIF:	
Domicilio:	
Poboación:	
Provincia:	CP:

B.- DATOS DAS PARCELAS							
Provincia	Municipio	Polígono	Parcela	Subp.	Superficie (ha)	Producción (q/m)	Rendemento (q/m/ha)

C.- DATOS DAS ADEGAS ÁS QUE SE LLES ENTREGA UVA			
Apelidos e nome ou razón social	CIF/NIF	Municipio	Provincia

Autorízase a inclusión dos datos persoais declarados en ficheiros automatizados, para a súa utilización de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e nas disposicións que a desenvolven.

_____ de _____ de 200__
O VITICULTOR / COLLEITEIRO

DORSO DO ANEXO VII**PERSOAS OBRIGADAS A PRESENTAR A DECLARACIÓN**

Deberá presentarse esta declaración todo colleiteiro/viticultor que obtivese uvas de parcelas plantadas sen permiso da Administración e que non fosen regularizadas.

NÚMERO DE DECLARACIÓN QUE DEBE PRESENTAR CADA PERSOA OBRIGADA

O colleiteiro cubrirá unha declaración por comunidade autónoma na que posúa superficies de viñedo plantadas sen autorización, utilizando un único exemplar deste anexo VII, referido ó viñedo situado na dita comunidade.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 10 de decembro.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

Ante o órgano designado pola comunidade autónoma no ámbito da cal radique a superficie de viñedo; a presentación pódese realizar mediante entrega no rexistro, envío por correo certificado ou calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

UNIDADES Os datos indícaranse nos diferentes recadros deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; masa en quintais métricos (qm) (100 quilos), con dous decimais; rendemento en quintais métricos por hectárea (qm/ha), cun decimal. En tódolos casos a supresión de decimais se efectuará sen redondeo.

EXEMPLARES DE DECLARACIÓN E DESTINOS

Original: COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Copia: COLLEITEIRO.*